

**Acta núm. 5/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 4 de abril de 2023.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
José Luis Sampedro Bouzas.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,15 horas (con retraso) do 4 de abril de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 4/2023, DO 14.03.2023.
- 2º) COMUNICACIÓN PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) RENUNCIA A COMUNICACIÓN PREVIA.
- 5º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.
- 6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.
- 7º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).
- 10º) PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA AOS CURSOS REALIZADOS DENTRO DO PROXECTO UNED-SENIOR PARA 2023.
- 11º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 4/2023, DO 14.03.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.03.2023, acta núm. 04/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, na que comunica que vai construír un peche nos lindes norte e oeste da parcela sita en Bemil 20, Bastavales. O peche farase de fábrica de bloque de formigón de cor gris ata unha altura de 1,20 metros e rematado por enriba con reixa metálica ata unha altura total de 1,80 metros e cunha lonxitude no linde norte de 20 ml e no linde oeste 40 ml.

A parcela (referencia catastral 7412609NH2471S0001EB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, con dúas categorías: na parte dianteira da finca está dentro da área consolidada pola edificación (NRL-1) e na parte traseira dentro da área non consolidada pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:
.- A fábrica de bloque deberá ter unha cor e ton claro.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 51,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 115,97 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN VIEIRO NOGUEIRA, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita no Casal 30, Brión, limpando a cobertura de fibrocemento e substituíndo a tella vella por tella nova sen incrementar o volume nin alterar a estrutura actual da cuberta.

A parcela (referencia catastral 5051302NH2455S0001MA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1) do PXOM. A aldea do Casal está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave BE4: Aldea do Casal, e dentro dunha serie de bens de interese cultural que se implantan na aldea: Cruceiro do Casal (BC2) e Pazo do Casal (BE14 – BR3).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 11/11/2022 (expediente 1867/22) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 96,57 euros

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JULIO AGRAFOJO CASALDOEIRO, na que comunica que vai reparar a cuberta de dous casetos de 40 m² e 25 m² respectivamente, anexos á vivenda de Vioxo de Arriba 7, Luaña, substituíndo a tella vella por tella nova, sen incrementar o volume nin alterar a estrutura dos mesmos.

A parcela (referencia catastral 1838605NH2413N0001EX) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRO-1). A aldea de Vioxo de Arriba está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave LE-3, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,83 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 112,40 euros

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROGELIO PEGO VILAS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Bastavaliños 27, Bastavales, limpando a cuberta e substituíndo a tella vella por tella nova sen incrementar o volume nin alterar a estrutura actual da cuberta.

A edificación (referencia catastral 7518123NH2471N0001IS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1). A aldea de Bastavaliños está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave (XBE-1), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,77 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO LAPIDO ABEIJÓN, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre anexo á vivenda de Vioxo de Abaixo 12, Luaña, substituíndo a tella en mal estado por tella nova sen incrementar o volume nin alterar a estrutura actual da cuberta.

A edificación (referencia catastral 1240401NH2414S0001WQ) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM. A aldea de Vioxo de Abaixo está integrada dentro dos bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave LE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa autorización previa en materia de patrimonio cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do Servizo de Patrimonio Cultural de data 06.03.2023 (expediente 409/23) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,59 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 102,16 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN ANTONIO BELLO TARRÍO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Torre 7, Brión:

.- Lavar, repicar e pintar unha das fachadas da vivenda.

.- Reformar o baño da vivenda.

A edificación (referencia catastral 5873301NH2457S0001UX) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) para áreas consolidadas pola edificación. A aldea da Torre está afectada pola presenza das Torres de Altamira, ben de interese cultural identificado coa clave BE1-BR4, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do Servizo de Patrimonio Cultural de data 06.03.2023 (expediente 411/23) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 95,07 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 159,64 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SARA COUSILLAS SEOANE, na que comunica que vai reformar o baño da vivenda da Urbanización Río Pego 1, 1º esquerda, Os Ánxeles, consistentes en substituír a bañeira por un prato de ducha.

A edificación (referencia catastral 6550101NH2465S0040QL) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,72 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,29 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN CASAL IGLESIAS, na que comunica que vai facer as seguintes obras en Vilanova 3, Os Ánxeles:

.- Construción dun peche no interior da parcela de 10 metros de lonxitude, con fábrica de bloque ata unha altura de 1,20 m., rematado con reixa metálica por enriba ata unha altura total de 1,80 m. Neste peche tamén se colocará un portal e unha cancela.

.- Construción dun muro de peche de separación entre lindeiros, de 30 m. de lonxitude, con postes e arame, ata unha altura máxima de 1,80 m.

A parcela (referencia catastral 7642802NH2474S0001FW.) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1), e sitúase na zona de policía de leitos do regato de Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 07/03/2023 (clave DH.W15.86672), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O muro de separación entre lindeiros situarase deixando unha distancia ao río de 12 metros, condición imposta na autorización de Augas de Galicia.

.- O muro de fábrica de bloque deberá de enfusarse e pintarse en cor branca e non superará a altura máxima de 1,80 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 91,21 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roger Fernández Girona, que di actuar en representación de SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES S.L., na que comunica que vai instalar 15 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Saíme 18, Bastavales, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Roger Fernández Girona.

A parcela (referencia catastral 5026403NH2452N0001WZ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1) do PXOM. A aldea de Saíme está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coa clave identificativa XBE-3, e dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable para actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, do Servizo Territorial de Augas de Galicia, do 20.03.2023 (clave DH.W15.87127), e da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 01.09.2022 (expediente 1912/22) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 147,95 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 212,52 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Mario López Freire, que di actuar en representación de RUTH CANCELA PÉREZ, na que comunica que vai trasladar e rehabilitar un hórreo de dous claros na aldea de Estrar, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 7139232NH2474S0001SW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1), e atópase afectada por unha cruz de pedra que figura identificada coa clave AC4, no catálogo do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 10.03.2023 (expediente 255/23) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Aproveitarase toda a madeira posible, empregando as técnicas e métodos tradicionais. Excepcionalmente poderanse substituír elementos irrecuperables polo seu estado. Os elementos estruturais que o necesiten, poderanse reforzar mediante prótese ou con incremento da sección. Tanto no caso da substitución como no caso do reforzo estrutural, haberá de empregarse o mesmo tipo de madeira que nas pezas orixinais.

.- A intervención na madeira, reducirase a unha limpeza da mesma empregando cepillo de arames ata eliminar a sucidade e permitir a impregnación dos produtos protectores, sen eliminar na medida do posible o efecto do paso do tempo.

.- Protexerase a madeira cun produto insecticida e funxicida. A pintura e a súa cor será como a existente na zona, e as súas características permitirán a transpiración da madeira polo que se empregará pintura de poro aberto (lasures). Non se empregarán nin vernices nin pinturas plásticas, aportándose proba mediante ficha técnica da pintura e a súa porosidade.

.- A tella recuperarase na medida do posible, e a súa renovación farase co xeito tradicional empregado neste tipo de construción.

.- A limpeza da pedra será un tratamento moi lixeiro. Farase manualmente con cepillo de cerdas vexetais, empregando auga e xabón neutro, respectado as pátnas existentes e sen eliminar os liques alaranxados.

.- Non se empregarán herbicidas sobre as pedras, nin outras substancias químicas que poidan danalas.

.- Non se poderá colocar placa de fibrocemento baixo a tella, debendo obterse a necesaria impermeabilización da cuberta mediante sistemas construtivos tradicionais ou a disposición dunha lamina sobre o entabado.

.- En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención e no prazo máximo de seis meses, deberá achegar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha memoria, na que quede suficientemente detallado o cumprimento dos requisitos anteriores, e que incluírá planimetría do hórreo, previa a súa desmontase coa numeración das distintas pezas, e fotografías do estado previo e do estado final.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 72,02 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 136,59 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANABEL LEIS CARBALLO, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda da Urbanización Monte Balado 37, baixo C, Os Ánxeles, substituíndo as existentes por outras novas de PVC en cor branca.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 122,48 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 187,05 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA MARÍA SIEIRA NIETO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Guitiande 1, Os Ánxeles, substituíndo a tella en mal estado por tella nova.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a obra non afecte á estrutura da cuberta nin ao seu volume.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 185,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 250,07 euros.

ll) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBÉN LÓPEZ CASTRO, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, en Bemil 36, Bastavales.

A edificación (referencia catastral 7410728Nh2471S0000ZL) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a piscina se sitúe mínimo a 8 metros do eixe do vial e a 3 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAQUEL ARIAS RUIZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Avd. de Noia 3, Os Ánxeles:

.- Reparar a cuberta da vivenda, substituíndo a tella de cerámica curva por outra das mesmas características e incorporando illamento térmico baixo a cuberta.

.- Limpar a parte da fachada executada en pedra e posterior aplicación de líquido hidrófugo e na parte enfuscada con morteiro de cemento, pintala.

A edificación (referencia catastral 7248802NH2474N0001GJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC1 do

PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- Non se poderá alterar o volume da cuberta nin afectar a súa estrutura.
- .- Na fachada empregarase unha cor de tonos claros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 75,80 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 140,37 euros.

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan Gabriel Suárez Riobó, que di actuar en representación de ALBINO SANTAMARINA ALONSO, na que comunica que vai instalar 8 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Lamiño 65, Brión, segundo memoria técnica asinada polo enxeñeiro industrial Juan Gabriel Suárez Riobó. A parcela (referencia catastral 6760717NH2466S0001LO) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,34 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 184,91 euros.

ñ) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AGUSTÍN MANUEL CARRACEDO SANTOS, na que comunica que vai realizar unha perforación para o aproveitamento xeotérmico de moi baixa entalpía, no lugar de Monte Devesa 31, Os Ánxeles, segundo proxecto de perforación asinado polo enxeñeiro de minas Pablo Torices Rodríguez.

A parcela (referencia catastral 6246152NH2464N0001KD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM. A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación do 13.02.2023 (expediente IN PSx 2022/31), da declaración responsable do enxeñeiro de minas Pablo Torices Rodríguez asinada o 15.12.2022, da declaración responsable do promotor das obras Agustín Manuel Carracedo Santos, respondendo dos posibles danos nas infraestruturas urbanas que poida causar a perforación asinada o 09.03.2023, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- .- O punto de perforación deberá afastarse como mínimo a 3 metros do lindeiro particular oeste.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 31,20 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,77 euros.

o) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Alberto Iglesias Hortas, que di actuar en representación de JOSÉ GONZÁLEZ CARCEDO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Xinzo 22, Bastavales, segundo memoria valorada e estudio de seguridade e saúde asinado o 20.03.2023 polo arquitecto técnico Alberto Iglesias Hortas.

.- Reparar a cuberta da vivenda, substituíndo a tella de cerámica curva por outra das mesmas características.

.- Limpar e pintar as catro fachadas da vivenda, empregando unha cor similar á existente, en tono claro da gama dos ocre.

A edificación (referencia catastral 018504NH3400N0001BW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 136,59 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 201,16 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda de Chave de Ponte 51, Bastavales (referencia catastral 15013B503011710001QX). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 65 metros de lonxitude sobre un vial que afecta a zona de protección da estrada AC-300 de titularidade autonómica, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 15.11.2022, visado nº 3128/22-CO.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Consellería do Medio Rural do 12.12.2022, da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 06.03.2023 (expediente IF204A/AC/2022/1385), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A obra deberá axustarse ás condicións impostas polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 167,32 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 231,89 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda do Cabo 25, Os Ánxeles (referencia catastral 7645816NH2474N0001DJ). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 9 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 03.03.2023, visado nº 22300494.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 132,25 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,45 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 91,02 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para ampliar a potencia de 13,8 kw ao subministro da vivenda de Salaño Pequeno 4, Ons (referencia catastral 0988803NH2408N0001OA). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 1 metro de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 06.03.2023, visado nº 657/23-CO.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 34,57 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,91 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,48 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda en Soigrex, Os Ánxeles (referencia catastral 6941306NH2464S0001AZ). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 80 metros de lonxitude, que discorre parte sobre un vial municipal e parte sobre o vial AC-304 de titularidade autonómica, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 21.03.2022, visado nº 22200554.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 28.02.2023 (expediente IF204A/AC/2022/0490) e do informe desfavorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a licenza de obras solicitada, posto que non se xustifica a necesidade do subministro, e se comprobou que sobre a parcela referencia catastral 6941306NH2464S0001AZ, do lugar de Soigrex, Os Ánxeles, non existe vivenda unifamiliar implantada, nin consta que se teña solicitado ou estea en trámite solicitude algunha.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

CUARTO.- RENUNCIA A COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SERGIO VIGO CASTRO, na que comunica ao Concello a renuncia á autorización concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26/05/2020, para construír unha edificación auxiliar (alpendre) de 50 m², para gardar apeiros de labranza dunha única planta e escasa entidade construtiva, en Soigrex, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo arquitecto municipal do 17.03.2023 no que se sinala que sobre a finca de referencia catastral 6941307NH2464S0001BZ, situada en Soigrex, Os Ánxeles, non se ten erixido ao día da data construción algunha, estando a parcela libre de construción algunha, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 26.05.2020.

2º) Que se proceda á tramitación do expediente de devolución do ICIO, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

QUINTO.- LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por LUCÍA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo de acceso á parcela con referencia catastral 6546338NH2464N0001XD, situada na Avd. dos Ánxeles, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por LUCÍA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo de acceso ao garaxe da vivenda sita na Avda. dos Ánxeles 28, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SEXTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALBERTO FERNÁNDEZ LÓPEZ, na que solicita cambio de titularidade da licenza de vado permanente núm. 2007/08, situada na Avd. dos Ánxeles 34-A, Os Ánxeles, concedida pola Xunta de Goberno Local do 03.04.2007 a nome de José Pérez Castiñeira.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 2007/08, situado na Avd. dos Ánxeles 34-A, Os Ánxeles, a nome de Alberto Fernández López, co DNI: ***4968**.

SÉTIMO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MARÍA BARCA LÓPEZ, na que solicita prórroga do prazo do inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 40, Brión.

A Xunta de Goberno Local en data 26.07.2022, concedeu licenza de obras a José María Barca López e Mirian Mosquera Macías, para construír unha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 40, Brión, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 31.05.2022 e documentación complementaria visada con data 07.07.2022 (expte. 2203091).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

OITAVO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Andrés Fernández Couce, que di actuar en representación de FLORA GARCÍA MARTÍNEZ, solicitando licenza para rehabilitar e ampliar un galpón para cambio de uso a vivenda, en Bastavaliños 41, Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.01.2019, e documentación complementaria visada con data 17.03.2023.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7322803NH2472S0000XD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2) e atopase dentro da zona de policía de leitos do rego de Crexo.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 30.08.2022 (expediente DH.W15.85775), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.01.2019, e documentación complementaria visada con data 17.03.2023.
- Como garantía das obras de urbanización dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (49,23 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das

conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 49,23 m² destinados a viais fora das alifiações establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 24 de marzo de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.410,01 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.506,04 euros.

NOVENO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Carlos Matovelle Gómez, que di actuar en representación da ARGENTA CAPITAL S.L., na que comunica o inicio da actividade parcial da residencia xeriátrica situada no Paseo de Pedrouzos 15, Brión.

A Xunta de Goberno Local do 10.11.2020, concedeu a Residencia Santa Minia SL, licenza para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica, con 59 prazas para residencia de maiores e 12 prazas para vivenda comunitaria, no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, segundo proxecto de execución redactado polo estudio Hernando Ezquerria SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.07.2020.

A Xunta de Goberno Local do 22.12.2020, autorizou o cambio de titularidade da licenza de obra para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica, con 59 prazas para

residencia de maiores e 12 prazas para vivenda comunitaria, no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, pasando a ser titular da licenza de obra Argenta Capital SL.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerro o 22.06.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.06.2022; da autorización da Secretaría Xeral Técnica, da Consellería de Política Social e Xuventude do 26.10.2022 (expediente número BS103E 2022/000052) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, no que sinala que consta realizada visitas de verificación e comprobación o 19.10.2022 e o 09.02.2023, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do edificio para á actividade de residencia xeriátrica, con 59 prazas para residencia de maiores, no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.714,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 263,25 euros.

Total: 1.977,39 euros.

DÉCIMO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA AOS CURSOS REALIZADOS DENTRO DO PROXECTO UNED-SENIOR PARA 2023.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 24.03.2023 de prezo público para a asistencia aos cursos realizados dentro do proxecto Uned-Senior para o ano 2023.

Visto o informe técnico do 24.03.2023 e o informe de intervención do 27.03.2023.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de realizados dentro do proxecto Uned-Senior, para o ano 2023, de acordo coas seguintes tarifas:

.- Prezo público alumnado por cada curso.....50,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

UNDÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,55 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González